



Ilustración: Carlos Gallego Domínguez

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

LETRAS GALEGAS 17 DE MAIO DE 2024



XUNTA
DE GALICIA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

SeminarioGalicia.org




*Adeus ríos, adeus fontes,
adeus regatos pequenos,
adeus vista a dos meus ollos,
non sei cando nos veremos.*

*Miña terra, miña terra,
terra donde eu me criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriña que plantei.*

*Prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña do meu contento.*

...

ROSALÍA DE CASTRO



O DÍA DAS LETRAS GALEGAS É UN DÍA DE EXALTACIÓN DA LINGUA DE GALICIA A TRAVÉS DA SÚA MANIFESTACIÓN LITERARIA. COMEZOU A CELEBRARSE O 17 DE MAIO DO 1963, COINCIDINDO CO CENTENARIO DA PRIMEIRA EDICIÓN DE **CANTARES GALLEGOS**, DE ROSALÍA DE CASTRO.

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



Ilustración: Arquivo familiar/Centro Ramón Piñeiro para Investigación en Humanidades



...

Cando en 1863 Rosalía publica os *Cantares Gallegos* todo este entramado simbólico no que se relaciona o canto e a música popular co idioma e, en xeral, coas reivindicacións patrióticas constituía xa un terreo ben sementado. De feito, segundo as súas propias palabras, a autora toma exemplo de Antonio Trueba, seleccionando cantares populares sobre os cales constrúe unhas extensas glosas poéticas como o autor fixera noutro idioma.


...

Luísa Villalta Gómez
O outro lado da música, a poesía

A REAL ACADEMIA DEDÍCALLE O DÍA DAS LETRAS 2024 A LUÍSA VILLALTA GÓMEZ, CREADORA DUNHA OBRA LITERARIA SINGULAR, RECOÑECIDA SOBRE TODO COMO POETA PERO QUE CULTIVOU TAMÉN O TEATRO, A NARRATIVA, O ENSAIO...

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



LUÍSA VILLALTA GÓMEZ NACEU O 15 DE XULLO DE 1957 NA CORUÑA, NA RÚA VILA DE LAXE, EN PLENO BARRIO DO GURUGÚ. ERA A PRIMOXÉNITA DO MATRIMONIO DE RAFAEL E MARÍA DEL CARMEN, Á QUE SEGUIRÍA OUTRA FILLA, SUSANA.

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ


GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



OS ESTUDOS PRIMARIOS REALIZOUNOS NO COLEXIO RELIXIOSO DAS XOSEFINAS, NA RÚA JUAN FLÓREZ, PRETO DO SEU DOMICILIO FAMILIAR E O BACHARELATO NO INSTITUTO CORUÑÉS EUSEBIO DA GUARDA, NA PRAZA DE PONTEVEDRA.

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ


GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



FOI TITULADA SUPERIOR EN VIOLÍN. NOS ANOS OITENTA CREOU ESCAINO, UN GRUPO DE MÚSICA FOLK. FORMOU PARTE DA ORQUESTRA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DA XOVE ORQUESTRA DE GALICIA, ACTIVIDADES QUE DEIXOU AO INCORPORARSE Á DOCENCIA.

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ


GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



LICENCIÓUSE EN FILOLOXÍA HISPÁNICA, NA SUBSECCIÓN DE GALEGO-PORTUGUÉS, E NO ANO 1988 APROBOU AS OPOSICIÓNS PARA DOCENTE DE SECUNDARIA NA ESPECIALIDADE DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. EXERCEU COMO DOCENTE EN TRES CENTROS DA PROVINCIA CORUÑESA.

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



A PRIMEIRA PUBLICACIÓN DE LUÍSA É DO ANO 1989, **CONCERTO PARA UN HOME SÓ**, UNHA OBRA DE TEATRO EDITADA POR CADERNOS DA ESCOLA DRAMÁTICA GALEGA, PUBLICACIÓN COORDINADA POR MANUEL LOURENZO E DIRIXIDA POR FRANCISCO PILLADO.



Ilustración: Xulio Gallego Revaldería



TEORÍA DE XOGOS


Tal como temíamos, choveu. Non podo dicir a que hora da tarde, só que de súpeto ouvimos un bater líquido nas xanelas, algo poirentas, que se cubriron de regachos baixo a luz grisalla e intensa da choiva sobre o mar. Todos nos volvemos nas nosas cadeiras como se nunca tivésemos visto chover. Ao pouco turbáronse os vidros e deixáronnos nada máis a paisaxe extendida sobre o mantel, os pratos de porcelana, cuxa dignidade persistía baixo os restos de salmón en salsa, exquisitamente preparado, as copas manuseadas co viño a diferentes alturas (aínda non era o noso, tampouco desta vez), os guardanapos enrugados, a humidade, se cadra baforenta tamén, nos ollos, nas linguas, na conversa.

Luísa Villalta Gómez
Teoría de xogos

A NOVELA **TEORÍA DE XOGOS** PUBLICOUNA A EDITORIAL LAIOVENTO, DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, EN 1997. NESTA NOVELA LUÍSA NARRA AS SENSACIÓNS DE CINCO PERSONAXES AO ATOPARSE COS CAMBIOS SOCIAIS DOS NOVOS TEMPOS.

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



LUÍSA FOI TAMÉN ARTICULISTA CON COLABORACIÓN EN MOITOS XORNAIS GALEGOS: **MAN COMÚN**, **TEMPOS NOVOS**, **GRIAL**, **LUZES DE GALIZA**... OS SEUS ARTIGOS PUBLICADOS NO XORNAL **A NOSA TERRA**, DE 2002 A 2004, ESTÁN RECOLLIDOS NO **LIBRO DAS COLUNAS**.




É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio. E isto é o que nos pasa a nós, que somos emigrantes, saiamos da terra ou non. O que acontece coa lingua é todo un síntoma do que estou dicindo, e até nin creo que sexa o único, pero si o máis dramático. Cóntanme dunha muller, amiga da nai dun alumno non moi estudoso, que se aprontou a darlle un consello: «Que non faga o tonto. E total para que quere o teu fillo o *gallego*? Co *gallego* non pasa de Astorga!» Como se o rapaz tivese xa feita a maleta. E, para ser de Burela a muller, aínda atinou bastante ben, cando menos en dirección Madrid, ela que nunca precisou tampouco de ir aí moi lonxe.

Luísa Villalta Gómez
Emigrar en terra propia

O LIBRO DAS COLUNAS FOI PUBLICADO POLA EDITORIAL A NOSA TERRA. NESTE LIBRO RECÓLLENSE OS ARTIGOS PUBLICADOS POR LUÍSA VILLALTA NO XORNAL DO MESMO NOME DURANTE DOUS ANOS, DE 2002 A 2004.

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



A POESÍA É O XÉNERO NO QUE LUÍSA MÁIS TRABALLOU, O DE MAIOR NÚMERO DE PUBLICACIÓNS E POLO QUE É MÁIS COÑECIDA. NA SÚA PRIMEIRA OBRA, **MÚSICA RESERVADA**, EDITADA EN 1991 POR EDICIÓNS DO CASTRO, UNE AS SÚAS DÚAS GRANDES PAIXÓNS, A MÚSICA E A POESÍA.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez



MÚSICA RESERVADA

A Pancho, a Noli e a Elena

Andei por Santiago
pisando estrelas
na noite
que as rúas devolveron
con luces e clamores
secretos
na noite.

Andei por Compostela
coa pel das pedras orceladas,
a Rúa das Hortas
onde descansan os arcanos
na noite.

Luísa Villalta Gómez
Música reservada

A OBRA POÉTICA, **MÚSICA RESERVADA**, INCLÚE VARIOS CADERNOS DE POEMAS. O PRIMEIRO, **MÚSICA RESERVADA**, DÁ TÍTULO AO POEMARIO AO QUE SEGUEN **O OCO DA PALABRA**, **GRIAL DO SOL PERDIDO** E **PÓS DATA**.



Ilustración: Carlos Rodríguez Rodríguez



AS CHAVES DO TEMPO

.I

No tempo en que había reis na Galiza, houbo un que tivo fama de nobre, xusto e de bo corazón. Durante o seu reinado nada faltou ás xentes, nin o millo, nin o peixe, nin o gando. As vilas eran pequenas, pero todas elas ben diferentes. Se en Carral había pan, en Cambre queixos e leite, en Muros e Vigo peixe a manchea, en Santiago artesáns cantos se quixer, e na Coruña comerciantes que vendían e compraban, ademais de facer beneficiosos tratos cos outros países de alén-mar. Este rei chamouse Arturo, en honra de outro que disque fora seu parente entrego.

Luísa Villalta Gómez
As chaves do tempo

AS CHAVES DO TEMPO, UNHA NOVELA DE LUÍSA VILLALTA, PUBLICADA NO ANO 2001 POLA EDITORIAL A NOSA TERRA. CÓNTASENOS A HISTORIA DUN REI, DON ARTURO, QUE DEIXA EN MANS DA FORTUNA QUEN DOS SEUS DOUS FILLOS DEBE REINAR.



A
túa
estatura
estaba inscrita no proxecto
da Cidade compacta.
O edificios medran cada día.
Faltan por agromar aínda
os máis altos de todos.

Por cima
sen medida visíbel
as antenas atentas
prolongan o vacío
até algúns centros
afastados dispersos
polas rúas algúns
outros continentes.
Por aquí pasan decote
os viandantes puntuais
mostrando a orgullosa hora
de cadanseu obelisco interior.




Luísa Villalta Gómez
En concreto

O POEMARIO **EN CONCRETO** FOI PUBLICADO POLA EDITORIAL ESPIRAL MAIOR NO ANO 2004. OS SEUS POEMAS ESTÁN DEDICADOS Á SÚA CIDADE NATAL, A CORUÑA.
ACADOU, NO 2003, O XII PREMIO DE POESÍA ESPIRAL MAIOR E O DA CRÍTICA DE GALICIA, NO 2005.

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ


GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



FALECEU UN SEIS DE MARZO DE 2004, AOS 46 ANOS, A CAUSA DUNHA MENINXITE. OS SEUS RESTOS DESCANSAN NO CEMITERIO CORUÑÉS DE SANTO AMARO, ONDE FOI DESPEDIDA CUN ACTO ORGANIZADO POR ESCRITORES E POETAS GALEGOS, CON POEMAS E MÚSICA DE VIOLÍN.

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



NO ANO 2017, CO OBXECTIVO DE CONTRIBUÍR A DIVULGAR A OBRA E A FIGURA DE LUÍSA, A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA ESTABLECEU O PREMIO LUÍSA VILLALTA PARA PROXECTOS POLA IGUALDADE.

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



NO 2022 A CORPORACIÓN MUNICIPAL DA CORUÑA APROBOU DARLLE O NOME DE LUÍSA VILLALTA A UNHA RÚA DO BARRIO CORUÑÉS DE MATOGRANDE, POLA DEFENSA QUE FIXO DA CULTURA DE GALICIA E DO IDIOMA GALEGO.

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ



DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2024